

BASES DA PROMOCIÓN- “APOIA AO DEPORTE VIGUÉS”

Viaxes Zonda realiza unha promoción no ámbito territorial de España coa finalidade de sortear unha viaxe para dúas persoas “FADOS E FESTA” a Portugal do Club Finde.

Entrarán no sorteo os boletos das matrices entregadas polos clubs.

O donativo por cada boleto é de un euro.

Beneficiario/a

Poderán participar na promoción os/as españois/as maiores de idade e residentes en España; así coma, os/as estranxeiros/as, maiores de idade e residentes en España, coa tarxeta de residencia en España en vigor.

Sorteo

Haberá un sorteo público no que se extraerá o número gañador; e dous números máis que serán os suplentes.

Unha vez publicitado o número, no caso de non aparecer o gañador durante os primeiros quince días naturais despois do sorteo, ou non reclame o premio, renuncie, ou non cumpra cos requisitos establecidos nestas bases, pasará o premio ao primeiro suplente que terá quince días naturais para reclamalo e senón ao segundo.

Así pois, o prazo de reclamación do premio finaliza a o mes e medio de realizado o sorteo (4 de xuño), data límite trala cal de non aparecer ningún dos números agraciados, o premio quedaría deserto.

O sorteo realizarase o 20 de abril de 2024 no descanso do encontro de baloncesto en cadeira de rodas Iberconsa Amfiv-Amivel Reyes Gutierrez; en presenza de representantes de ambas as dúas entidades e demais público.

Viaxes Zonda e VIDE resérvanse o dereito a modificar ou cancelar as condicións do sorteo durante o desenvolvemento deste, por circunstancias alleas ao control de ambas entidades e que o fagan aconsellable.

Publicación dos gañadores

O/a gañador/a do sorteo autoriza a Viaxes Zonda e á Fundación VIDE a facer público o seu nome.

Premio

A reclamación do premio se cursará de forma presencial coa entrega do boleto gañador nas oficinas da Fundación VIDE na Rúa Cesáreo González, s/n de Vigo.



Unha vez reclamado o premio, a viaxe deberá gozarse do 19 ao 20 de outubro de 2024.

A viaxe incluírá o traslado en autopullman dende Vigo. O aloxamento en réxime de “pensión completa”(viños e augas incluídos) en hotel de categoría 4* e con guía acompañante de Viaxes Zonda todo o percorrido.

Tasas de aloxamento e seguro de viaxe incluído

O destino e datas da viaxe non poderá ser modificado polos beneficiarios nin canxeado por diñeiro.

Viaxes Zonda e a Fundación Vigo en Deporte resérvanse o dereito de modificación, sen previo aviso, por causas climatolóxicas, de forza maior ou organizativas.

Os requisitos de saúde indicaránse en datas cercanas a data da viaxe seleccionada, segundo as normas sanitarias vixentes no momento.

Período da promoción

A data de comezo da campaña será o 5 de febreiro de 2024 e a data de finalización o 20 de abril de 2024.

As matrices dos boletos vendidos entregaranse na sede de VIDE antes do día 15 de abril de 2024.

Toda a información relacionada co desenvolvemento da promoción e o sorteo comunicárase a través da web oficial (www.vide.es).

Outras consideracións

A inscrición á promoción supón a aceptación dos presentes termos e condicións, así como, do criterio de Viaxes Zonda e VIDE en canto á resolución de calquera cuestión ou incidencia derivada do sorteo.

Estas condicións réxense pola Lei Española. Viaxes Zonda, VIDE e os participantes na promoción sométense, coa renuncia expresa a calquera outro foro; aos xulgados e tribunais da cidade de Vigo para calquera controversia que se poida xerar.

FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE